



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

EXPEDIENTE: 2024/C006/000004

Á vista da documentación incorporada no expediente para promover a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña elabórase a presente memoria xustificativa da contratación de referencia:

1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

1.1 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a contratación dun seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. A descrición e características do seguro a contratar e a maneira de levar a cabo a prestación polo adxudicatario serán as estipuladas no prego de prescricións técnicas particulares e administrativas a satisfacer mediante o contrato e aos factores de toda orde a ter en conta.

1.2 NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER EN RELACIÓN CO OBXECTO DO CONTRATO

Dando cumprimento ao disposto nos artigos 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 que establecen que o expediente esixirá o informe do órgano de contratación no que se motive a necesidade do contrato, procede indicar que as necesidades a satisfacer mediante este contrato son as seguintes :

I.- O actual contrato de seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio, finaliza a súa vixencia o 30 de setembro de 2024 polo que se propón unha nova contratación polo **procedemento de urxencia** ao obxecto de que inicie a súa vixencia con data 1 de Outubro de 2024.

II.- A presente contratación responde a unha necesidade estrutural básica do Consorcio, e a súa duración no tempo esixe unha contratación conforme aos procedementos ordinarios regulados pola Lei 9/2017

2. CLASIFICACIÓN CPV

O presente contrato contén codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV. A citada codificación é a seguinte:

CODIFICACIÓN CPV: 66510000-8 Servicios de seguros



3. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será dun ano desde o 01 de Outubro 2024 ata as 24 horas do día 30 de setembro de 2025. O efecto do seguro e, en consecuencia, a cobertura outorgada pola compañía aseguradora comezará ás 00:00 horas do día 01.10.2024, prorrogable por un ano.

4. DIVISIÓN EN LOTES

O artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP) dispón que, sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes.

Este contrato non se divide en lotes, para a mellor execución do mesmo desde un punto de vista técnico, económico e de xestión, xa que se considera necesario dispoñer dun único contrato, para que as coberturas sexan iguais, tanto as obrigatorias como as que, no seu caso, ofrezca a entidade adxudicataria.

5. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Para o cálculo do valor estimado tomase como referencia os prezos actuais do mercado.

O que informo aos efectos oportunos.

Carballo, na data sinalada na firma dixital

O xerente